



Teatro: "GO-ON!"

Día: Domingo 4 de Novembro
Horarios: 19:30 horas
Lugar: Casa da Cultura
Compañía: Malasombra
Xénero: Comedia
Autor: José Luis Prieto

Sinopse: Logo da chegada do home á lúa, á humanidade só lle faltaba un reto: a chegada do home a Galicia. No ano 2010 (ano 25 despois de Gayoso), dous intrépidos exploradores tiveron o valor de adentrarse nas descoñecidas terras galaicas a través da ruta xacobeana. "GO ON!" recopila esta experiencia límite que deixa aos do "Al filo de lo imposible" como simples boy Scouts. "GO ON!" é unha emocionante novela de aventuras na que os seus protagonistas viven situación extremas como o terrible ataque do despiadado can de palleiro ou a entrevista a un porco no corredor da morte. "GO ON!" é un completo folleto turístico que servirá para que outros ousados viaxeiros saiban como conseguir alimento nas

festas gastronómicas ou como cantarlle unha saeta á Santa Compañía. "GO ON!" é un manual de supervivencia imprescindible para saber como sobrevivir tres días nunha vila en festas ou como viaxar nun tren galego a velocidade negativa cheo de galegos cantando cancións populares. "GO ON!" é unha guía de primeiros auxilios con recomendación necesarias como que facer logo de ser salvaxemente agredido por un toxo ou que facer logo de limparse o cú con ortigas. "GO ON!" é a conferencia que percorre o mundo dende Burgos a Arkansas desvelando os misterios máis íntimos de Galicia e os seus habitantes, como cal é a orixe da frase "non me toques os suevos", cada canto tempo cambian as sábanas os da Santa Compañía, ou cal é a resposta definitiva para a pregunta: "Que din os rumorosos?". Unha odisea cómica no espacio galego.

Dirección: Marcos Orsi
Elenco artístico: Xoque Carbajal e Jouse García
Público: Maiores de 14 anos
Prezo: 3 euros ou 1,50 euros (menores de 18 anos e maiores de 65 anos)



Teatro: "Smoke City"

Ciclo: Ningunha nena e ningún neno sen cultura
Día: Luns 5 de Novembro
Horarios: 12:30 horas
Lugar: Casa da Cultura
Compañía: Malasombra
Xénero: Comedia

Sinopse: ¡Benvido a Smoke city, pero coidado, porque pode danar gravemente a súa saúde! Smoke City é o paraíso do fume, sobre todo do fume dos cigarros. As mafias do tabaco dominan a cidade, dirixidas polo seu capo, o pérfido Silvio Nicotini. Jon Calquera é un cidadán máis, que como moitos outros, cae vítima dos sinistros plans de Silvio Nicotini. Bob Cleaner é o detective que trata de salvar a Jon Calquera e rematar para sempre coas mafias do tabaco.

Smoke City é unha historia de acción, unha aventura urbana de gánsters e policías, un cómic teatral do xénero negro, negro como o aire de Smoke City, negro como os plans de Silvio Nicotini, e negro como os pulmóns das súas pobres vítimas. Smoke City aborda unha problemática moi de actualidade como é a do tabaquismo, e en particular pon énfase nas consecuencias a curto prazo que causa na vida diaria dos consumidores, e, sobre todo, os beneficios de levar unha existencia limpa, sen dependencias, que permitan realizar un monte de actividades libres de ataduras físicas e psíquicas, que, ao fin e ao cabo, é todo o contrario de vivir atrapado, atado, encadeado a un pitillo, como é o desexo do malvado Silvio Nicotini.

Autor: José Luis Prieto
Dirección: Marcos Orsi
Elenco artístico: Xoque Carbajal, Alberto Rolán, Jouse García e Mon Orenco
Público: Alumnado de educación secundaria do C.P.I de San Sadurniño
Prezo: Gratuíta



Exposición permanente dos óleos do pazo da marquesa

Exposición formada por catro óleos de gran formato que se atopaban no Pazo da Marquesa e que foi preciso retirar por mor das obras de rehabilitación do edificio. Estes óleos son unha réplica dos orixinais pintados por Velázquez que se poden admirar no museo do Prado. Persoas destinatarias: Todos os públicos
Horario visita: De luns a venres de 10:00 a 13:00 horas

Entrada: Gratuíta
Óleos expostos: O príncipe Baltasar Carlos, cazador. As Lanzas, (A Rendición de Breda). Felipe IV. A infanta Margarida de Austria. Colabora: Parroquia de San Sadurniño



NOVAS



Envío sen enderezo postal
Núm. 50 - Outubro 2012
San Sadurniño
www.sansadurnino.es

CONCELLO DE SAN SADURNIÑO • Avda. Marqués de Figueroa, nº 5 • 15560 SAN SADURNIÑO • Teléf. 981 490 027 • Fax: 981 490 474 • correo@sansadurnino.dicoruna.es

Áreas de Benestar Social e Educación e Igualdade

Programa "Tempos para compartir"

O pasado mes de febreiro o Concello de San Sadurniño puxo en marcha un programa no que todas aquelas persoas interesadas comparten os seus saberes promovendo así a relación entre os veciños e as veciñas do concello. Neste programa colaboran de forma desinteresada persoas e entidades de todo o territorio.

Tendo en conta a elevada participación veciñal conseguida até o momento, desde o Concello propónse o oitavo obradoiro de "Tempos para compartir", programa que se realiza o primeiro sábado de cada mes nos respectivos locais sociais das sete parroquias do concello.

OBRADOIRO DO MES DE NOVEMBRO:

"ELABORACIÓN DE BOMBÓN"

coa colaboración de **Mónica Cebreiro Caneiro**, veciña da parroquia de Santa Mariña do Monte.

LUGAR: Local social de Igrexafeita.

DATA: Sábado 10 de novembro.

HORARIO: Ás 17:00 horas.

Nº DE PRAZAS: 25 prazas.

INSCRICIÓN: Data límite 5 de novembro.



OBRADOIRO DO MES DE DECEMBRO:

"DECORACIÓN FESTIVA CON GLOBOS"

coa colaboración de **Gloria Pérez Folgueira**, veciña da parroquia de Lamas.

LUGAR: Local social de Naraío.

DATA: Sábado 1 de decembro.

HORARIO: Ás 17:00 horas.

Nº DE PRAZAS: 25 prazas.

INSCRICIÓN: Data límite 23 de novembro.

Animámoste a participar no programa e compartir cos demais os teus coñecementos e habilidades. Tanto se queres inscribirte nos obradoiros como asistente ou se queres ser ti quen lle ensine ao resto, debes apuntarte antes na casa do Concello ou contactar coa persoa responsable do programa a través dos teléfonos 981 490 027 ou 673 903 922.

O boletín Novas, tamén o voso medio de comunicación

O Concello de San Sadurniño quere consolidar este boletín como medio de difusión de todas as actividades que levan a cabo as entidades veciñais do noso territorio. Por iso convidamos a que calquera asociación nos faga chegar a súa programación ao correo electrónico concello@sansadurnino@gmail.com de cara a incorporala ao Novas.

O boletín publícase cunha periodicidade mensual e distribúese como un envío postal sen enderezo. Isto é importante, xa que á hora de enviar convocatorias e actividades para que as publiquemos haberá que ter en conta os tempos de edición dos textos e o prazo mínimo de cinco días hábiles que precisa Correos para repartir o Novas.

Con todo, non vos preocupedes: todo o que organicedes en colaboración co Concello e non chegue a tempo de saír no Novas incorporárase ás noticias da web municipal www.sansadurnino.es, e á páxina e máis ao perfil do Concello en Facebook.

Desta maneira poderemos darlle máis publicidade ao voso traballo, compartir eventos, fotos, arquivos, etc., e garantir que a vosa entidade teña aínda maior repercusión en todo San Sadurniño.

Curso de autoprotección ante a violencia de xénero

A finalidade do curso é aumentar os coñecementos das mulleres no relativo á Violencia de Xénero e dotalas das ferramentas físicas e psicolóxicas necesarias para evitar situacións nas que a muller poida chegar a ser vítima dunha agresión e, no caso de que esta se produza, poder sair dela para pedir axuda. Esta actividade conta co financiamento da FEGAMP e a Secretaría Xeral de Igualdade.

OBXECTIVO DO CURSO:

Adquirir destrezas e a habilidade necesaria para xestionar positivamente situacións de risco e, consecuentemente, que as mulleres teñan unha percepción de maior seguridade persoal. O curso estará impartido por profesionais do Sindicato Unificado de Policía.

MULLERES BENEFICIARIAS:

Preferentemente mulleres que sufriran ou tiveran contacto con outras mulleres vítimas de violencia de xénero.

DATAS: 12, 13, 14, 15 e 16 de novembro.

HORARIO: De 16:30 a 18:30 horas.

LUGAR: Na Casa da Cultura do Concello.

Nº DE PRAZAS: Ata 20 prazas.

IMPORTE: Profesionais do Sindicato Unificado de Policía.

A data límite para apuntarse é o 5 de novembro nas oficinas do Concello ou a través dos teléfonos: 981 490 027 e 673 903 922.

Obradoiro de risoterapia

A risa é un exercicio san para a mente e para o corpo. O obradoiro de risoterapia que organiza o Concello ofrecerá a todas as persoas participantes un espazo para demostrar a súa capacidade para sentir e crear, liberándose a través do camiño da gargallada.

Utilizaranse técnicas e exercicios que nos axudarán dunha maneira sinxela a mellorar a nosa saúde, dado que cando rimos de verdade exercitamos o sistema circulatorio, o respiratorio e muscular do noso corpo.

Nesta sesión poderás:

- Coñecer os beneficios da risa sobre o corpo e a mente.
- Practicar movementos, desbloquear o teu corpo e relaxarte.
- Desinhibirte e establecer unha relación de complicidade coas demais persoas participantes.
- Por en práctica diferentes técnicas coa finalidade de provocar a risa espontánea e a gargallada.
- Sentir os beneficios fisiolóxicos, psicolóxicos, emocionais e sociais que garante unha boa risada.

Lugares de realización:

Locais Sociais das parroquias de San Sadurniño. Para o desenvolvemento dos obradoiros será preciso constituír grupos de polo menos 8 persoas.

Datos de realización:

Mes de novembro. Datás aínda por determinar.

Avaliación do I plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de San Sadurniño

O Concello de San Sadurniño organiza un acto de presentación sobre o documento de avaliación do I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de San Sadurniño (I PIOMH).

O obxectivo é achegar á poboación do Concello os resultados acadados tras a posta en marcha do I PIOMH, co fin de que toda persoa interesada poida ter acceso as accións realizadas e ás valoracións finais recollidas no documento.

A entidade encargada da presentación do documento será Tagen Ata, entidade que levou a cabo xunto con persoal técnico do Concello o proceso avaliativo do Plan.

PERSOAS DESTINATARIAS

Persoal técnico, político e cidadanía en xeral.

DATAS: Martes 20 de novembro.

HORARIO: Ás 17:00 horas.

LUGAR: Casa da Cultura de San Sadurniño.

Prégase confirmación de asistencia nos teléfonos: 981490027 / 673903922

A avaliación do I PIOMH foi cofinanciada por:



"A risa é a mellor medicina gratuita e natural..."

ANÍMATE, PARTICIPA E SORRÍ

PARA PARTICIPAR É PRECISO INSCRIBIRSE NO CONCELLO Telfs 981 490 027 / 673 903 922



Programa de acollida de nenos e nenas saharauis "vacacións en paz"

Vacacións en Paz é un proxecto de acollida temporal dos nenos e nenas saharauís durante os meses de xullo e agosto coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento do pobo saharauí e á mellora da calidade de vida e da educación intercultural dos máis pequenos.

O concello de San Sadurniño en colaboración coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí quere facilitar, un ano máis, a acollida destes nenos e nenas por parte das familias durante os meses de xullo e agosto de 2013.

As familias interesadas en acoller un neno ou nena saharauí deberán solicitalo nos servizos sociais do concello antes do 30 de outubro de 2012.

Para mais información:

Servizos Sociais. Programa de Educación familiar.

Teléfonos: 981 490 027 / 673 903 922

Concurso de relatos "25 de novembro"

TEMA: O traballo transmitirá unha mensaxe clara sobre prevención, sensibilización e/ou reivindicación na loita contra a violencia machista cara ás mulleres, valorando en gran medida a orixinalidade e a súa eficacia comunicadora.

Os traballos serán individuais, presentando un único traballo por participante. O formato será libre (entrevista, conto, carta de opinión, redacción, poesía...). O alumnado que o desexe, poderá acompañar o seu texto dun deseño ou imaxe de elaboración propia.

PARTICIPANTES: Alumnado de 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria do CPI de San Sadurniño.

ENTREGA DE TRABALLOS: Os traballos poderán entregárselle a cada titor/titora ou nas oficinas do Concello ata o 15 de novembro.

PREMIOS: Os premios consistirán en:

- Un libro electrónico para o 1º premio.

- Un libro de lectura para o 2º e 3º premio.

Cada participante terá o seu recoñecemento cun diploma acreditativo pola súa participación no concurso. A entrega de premios celebrárase na Casa da Cultura o 20 de novembro ás 16:30 horas.

As bases do concurso poderanse consultar na páxina web ou contactando coa Axente de Igualdade do Concello nos **teléfonos 981490027 / 673903922**



Área de Cultura, Participación Veciñal e Turismo



Teatro: "Kungfundidos"

Día: Sábado 27 de Outubro

Hora: 22:00 horas

Lugar: Local Social de Camiño Arriba

Día: Sábado 3 de Novembro

Hora: 22:00 horas

Lugar: Local Social de Igrexafeita

Compañía: Bucanero Teatro

Xénero: Comedia

Dirección: Bucanero

Espectáculo: "KUNGFUNDIDOS"

Elenco artístico: Pedro Picos-Mestre Ken son

Xosé Bonome-Mestre Ken Li

Público: Maiores de 16 anos

Duración: 60 minutos

Prezo: Gratuita

Sinopse: Dous grandes mestres formados en dous mosteiros segredos do Himalaia, descoñecidos para a civilización occidental ensinannos unha nova filosofía que os fixo ser quen son: o Te Likido.

Tras varios anos estudando esta nova filosofía, Bucanero volta ao camiño da ensinanza en clave de humor. Estes dous grandes mestres percorrerán todas as súas andanzas para amosarnos a súa orixe dende o principio, a orixe da súa amizade e a orixe e demostración do seu dominio sobre a mente humana.



Teatro: "100 metros cadrados"

Día: Domingo 28 de Outubro

Horario: 19:30 horas

Lugar: Casa da Cultura

Compañía: Asociación Cultural CELEUMA

Dirección: Luís Ramos

Espectáculo: "100 METROS CADRADOS"

Elenco artístico: Isabel Álvarez, Xabier Anidos e Belén González

Vestuario: Isabel Álvarez

Colaboradores: José V. Caruncho e Ramona Pérez

Luz e son: Xabier Anidos e Luís Ramos

Público: Maiores de 16 anos

Prezo: 3 euros ou 1,50 euros (menores de 18 anos e maiores de 65 anos)

Sinopse: Cen metros cadrados é o espazo escénico para unir soidades, o espazo suficiente para cultivar unha amizade imposible, o espazo xusto para salvar distancias insalvables. Cen metros cadrados é un espazo de conflitos, de sorrisos, de medo, de esperanza. É un espazo onde a vida se bate contra a morte. E vence. E lémbra-nos a necesidade de saborear o momento. Este momento.

